



CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de los Dolores

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do Centro: CPR Plurilingüe Nuestra Señora de los Dolores

Dirección: Alfonso XIII, nº 2 e 12 - 36.002 Pontevedra

Contacto: cpr.nuestrasenora.dolores@edu.xunta.gal

Web: www.colegiodoroteaspontevedra.com

Etapas: Infantil, Primaria, Secundaria

Nº Alumnado: 843

Nº Profesorado: 56

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro ten unha ubicación urbana, practicamente no centro da cidade de Pontevedra, e nas proximidades dunha das vías de comunicación da cidade ca súa contorna mais expansiva (Poio, Sanxenxo).

A súa ubicación propicia que unha parte considerable do alumnado proceda do veciño concello de Poio, dada a súa proximidade a un dos principais núcleos de poboación deste concello.

A zona representa todas as características dunha cidade en proceso de expansión urbanística, na que domina claramente o sector servizos, especialmente a vida comercial e funcionarial. Neste contexto, destacar que a lingua vehicular predominante na zona, e por extensión do noso alumnado é o castelán.

A poboación da capital, xunto coas quince parroquias rurais do concello, suma un total duns 84.000 habitantes.

Mediante o obxectivo do Plan Dixital de Centro preténdese:

- Avaliar a situación do noso Centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competente para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no Centro.
- Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o noso Centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

A finalidade do noso Centro educativo é que o alumnado aprenda e fórmese como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido

noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

A dixitalización do centro será clave tamén para a consecución de moitos outros dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan Anual:

Obxectivo 5: Potenciar o uso e a dotación dos recursos dixitais do centro, optimizando o uso e aproveitamento dos mesmos, das infraestructuras e materiais disponibles.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración do plan dixital ten a súa xustificación no regulado pola normativa vixente, máisconcretamente en:

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.

Artigo 111 bis.

3. O Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados polas ferramentas e contornasvirtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co obxecto de facilitar o seu uso con independencia da plataforma tecnolóxica na que se alberguen.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas Administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido. Os recursos deberán ser seleccionados de acordo con parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.

5. As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarse a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

6.O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

7. As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións. En todo caso, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando

no respecto dos dereitos de terceiros.

Artigo 121. Proxecto educativo.

1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos. O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

2. Devandito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna.

3. No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.

O regulado na Resolución 17 xuño 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo para o curso 2021-2022, que na súa disposición adicional quinta. Plan dixital de centro, establece:

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Por último xustifícase pola normativa concreta que regula o plan dixital na Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de Centro ha de recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) quemarcarán o plan de traballo do Centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que pode achegar, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permitan o cambio atendendo a procesos democráticos.

O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o Centro.

- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ó outro.

Todo o traballo foi estruturado en tres fases, con diferentes etapas dentro de cada unha delas:

Fase 1: Diagnose da situación de centro.

- 1.1. Enquisa sobre a situación actual do colexio no ámbito dixital. Emprego de SELFIE.
- 1.2. Estudo da competencia dixital do profesorado. Realización do Test CDD en Fprofe.
- 1.3. Interpretación dos resultados obtidos nos dous puntos anteriores. Xeración dun cadro DAFO sobre a situación do colexio en materia dixital.

Fase 2: Deseño e elaboración do Plan dixital.

- 2.1. Obxectivos do plan de acción
- 2.2. Elaboración do plan dixital

Fase 3: Implementación, seguimento e avaliación do Plan Dixital

A fase 3 é a fase pendente a desenvolver ao longo do curso 2022/23, unha vez elaborado este Plan.

2. Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro conta cunha liña de comunicación de fibra simétrica de **1Gb** e unha centralita IP.
A liña está conectada a un UTM que controla os accesos á internet con control de contidos e antivirus.
- O equipamento das aulas consta de proxector, pantalla dixital ou de proxección, altofalantes e portátil, hai un 99% das aulas dixitalizadas.
- Os espazos comúns do profesorado teñen 2 ordenadores e na zona de administración cada posto está equipado cun ordenador.
- As aulas de informática teñen 25 e 30 ordenadores.
- Os servizos dixitais a usar son a páxina web do colexio, a plicación tokapp school eo espacio Abalar.
- A xestión e mantemento do centro lévase dende o departamento TIC, adirección, 4 persoas, o persoal de administración e unha consultoría externa.
- Os enlaces á documentación están publicados na páxina web do centro.

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4,3	4,4			
	Profesorado	4,1	4			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,4	4,3			
	Profesorado	3,7	3,2			
	Alumnado	1,5	3			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,5	4,6			
	Profesorado	4	4			
	Alumnado	3	3,5			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,1	4,3			
	Profesorado	4,2	4,5			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5	4,6			
	Profesorado	4	4			
	Alumnado	3	3,5			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8	3,8			
	Profesorado	3,9	4			
	Alumnado	3,7	3,8			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,7	3,8			
	Profesorado	3,8	3,9			
	Alumnado	3,3	3,5			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					
	Profesorado					
	Alumnado	3,5	3,8			

Test CDD: Perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>56</u>	<u>58</u>	<u>96.6</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>7</u>	<u>57.1</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>71.2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76.5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>74</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79.3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Inf	<u>63</u>	<u>Explorador/a</u>	<u>68.2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Pri.	<u>72.6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>1.7</u>
A2	<u>28</u>	<u>46.7</u>
B1	<u>25</u>	<u>41.7</u>
B2	<u>4</u>	<u>6.7</u>
C1	<u>2</u>	<u>3.3</u>
C2		
TOTAL	<u>60</u>	<u>100</u>

2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Infraestructura sólida con equipos estables	Escaseza de recursos económicos para infraestrutura
	PERSOAL DOCENTE	Uso dos dispositivos. Acceso a rede Teledocencia	Tempo para a creación de recursos Escaseza de formación tecnolóxica
	PERSOAL NON DOCENTE	Persoal para incidencias tecnolóxicas	
	ALUMNADO	Teledocencia Asignación de contas	Formación no uso da tecnoloxía Formación no disfrute e seguridade no ámbito tecnolóxico
	FAMILIAS	Asignación de contas Emprego da app para comunicarse co centro	

	OFERTA	Teledocencia	Escaseza de recursos económicos para infraestructura
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Protocolo de asignación de contas Equipo e Plan anual TIC Acordo de adaptación a tecnoloxía xeralizada Teledocencia	Escaseza de formación tecnolóxica

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Realización do Plan DIXITAL. Recursos para a ensinanza e o aprendizaxe Formación por parte da administración pública	Mal uso da tecnoloxía
	LEXISLACIÓN		Utilización fraudulenta de recursos dixitales
	CONTORNA	Formación do profesorado Certificación tecnolóxica do profesorado	Infraestructura e mantemento. Volatilidade da tecnoloxía e o software Mal uso da tecnoloxía
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Apoio económico da provincia Dorotea para formación e reursos	Custo do acceso a Internet Custo das licenzas dixitais

Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

2.3. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da elaboración e reflexión do DAFO estableceronse una serie de áreas de mellora e determinados os seguintes obxectivos:

1. Mellora da conexión WIFI do centro

- a. Obxectivo: Boa conexión no 100% das aulas
- b. Temporalización: Primer trimestre do curso 2022-2023
- c. Responsable: Equipo directivo – Equipo TIC

2. Mellora da formación tecnolóxica do profesorado

- a. Valor de chegada: Tres (3) sesións de formación
- b. Temporalización: Curso 2022-2023
- c. Responsable: Equipo TIC

3. Mellora da formación do alumnado no uso das TICs

- a. Valor de chegada: Dúas (2) microsesións de formación
- b. Temporalización: Tercer trimestre do curso 2022-2023
- c. Responsable: Equipo TIC

4. Mellora da formación do P.A.S.

- a. Obxectivo: Emprego de plantillas de xestión propias do centro de acordo a modelos unificados (programacións, plantillas de observación, documentos de avaliación, actas e comunicacións coas familias)
- b. Temporalización: Curso 2022-2023
- c. Responsable: Equipo directivo – Equipo TIC

2.4. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

1. Renovación dos proxectores e quipos informáticos das aulas para mellorar acalidade da imaxe e o son
2. Centralizar os recursos dixitais para una mellor organización dos mesmos
3. Renovación total da aula de informática destinada a educación primaria para adecuala as necesidades actuais.

Táboa 11: Plan de Acción do Plan Dixital do

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 (1):	<i>Mellora da conexión WIFI do centro</i>				Acadado	
RESPONSABLE:	<i>Equipo directivo – Equipo TIC</i>				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	<i>Boa conexión no 100% das aulas</i>					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	Conexión adecuada para todas as aulas do centro			Xaneiro 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Revisión das necesidades para acadar una conexión adecuada	Equipo TIC	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Aprobación das melloras propostas	Equipo directivo	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización das melloras propostas	Equipo directivo	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 12: Plan de Acción do Plan Dixital do

“Áreas de mellora”:						
OBXECTIVO 2 (1):	<i>Mellora da formación tecnolóxica do profesorado</i>				Acadado	
RESPONSABLE:	<i>Equipo TIC</i>				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	<i>Realizar ao menos (3) sesións de formación</i>					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	Tres sesión ao longo do curso 2022-2023			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Revisión una enquisa ao profesorado sobre as necesidades de formación	Equipo TIC	Xaneiro 2023	Formulario Office		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Facer un cronograma coas sesión de formación	Equipo TIC	Febreiro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Aprobación do cronograma proposto	Equipo directivo	Febreiro 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Realización das sesións propostas	Equipo TIC	Xuño 2023	Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 13: Plan de Acción do Plan Dixital do

"Áreas de mellora":						
OBXECTIVO 3 (1):	<i>Mellora da formación do alumnado no uso das TICs</i>				Acadado	
RESPONSABLE:	<i>Equipo TIC</i>				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	<i>Realizar dúas (2) microsesións de formación</i>					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	<i>Realizar dúas (2) microsesións de formación sobre a seguridade e o bo uso das TICs</i>				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Realizar una sesión de formación na seguridade e o bo uso das TICs por parte da Policía	Equipo Titores, Equipo TIC e Equipo Directivo	Maio 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Realizar una sesión de titoría sobre a necesidade ea concienciación na seguridade e o bo uso das TICs	Equipo Titores e Equipo TIC	Maio 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 14: Plan de Acción do Plan Dixital do

“Áreas de mellora”:						
OBXECTIVO 4 (1):	Mellora da formación do P.A.S.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo – Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Emprego de plantillas de xestión propias do centro de acordo a modelos unificados (programacións, plantillas de observación, documentos de avaliación, actas e comunicacións coas familias)					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	Empregar plantillas de xestión propias do centro de acordo a modelos unificados (programacións, plantillas de observación, documentos de avaliación, actas e comunicacións coas familias)				Xuño 2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Revisión dos diferentes documentos empregados actualmente	Equipo TIC - Equipo directivo	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Realización das novas plantillas	Equipo TIC	Marzo 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Aprobación das melloras propostas	Equipo directivo	Abril 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Emprego das novas plantillas	Equipo directivo	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán

acadados. Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

Avaliación do plan

Ao longo do curso, estableceranse unhas datas para realizar o seguemento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos.

- **Avaliación procesual:** *Reaalizarase una vez ao trimestre, valorando o desenvolvemento de cada obxectivo, analizando resultados e modificando, no caso de ser necesario, as acción e as propostas de mellora*
- **Avaliación final:** *Realizarase ao final do curso, onde farase una valoración dos logros e reformulación dos obxectivos non acadados así como a elaboración das novas propostas de mellora.*

3. Difusión do plan

Unha vez o plan dixital esté aprobado polo Consello Escolar e tras as achegas do mesmo e do Claustro, estará a disposición de toda a comunidade educativa a través da plataforma doCentro.